



## MEDIO CENTENAR DE ESPECIALISTAS EN PNEUMOLOXÍA CONMEMORAN NO ÁLVARO CUNQUEIRO O DÍA MUNDIAL DA TUBERCULOSE

- *Desde a implantación do Plan Galego de Prevención e Control da Tuberculose da Consellería de Sanidade, a área de Vigo experimentou un descenso dun 6,7 por cento anual no índice de casos detectados*
- *O pasado ano rexistráronse 14 casos por cada 100.000 habitantes, a cifra máis baixa da última década*
- *A UTB de Vigo conta coa máxima certificación nacional de calidade, que a acredita como "Unidade Especializada de Tuberculose de Alta Complexidade con criterio de Excelencia"*

**Vigo, 24 de marzo de 2023.** Con motivo do Día Mundial da Tuberculose que se celebra hoxe, o Álvaro Cunqueiro acollerá a xuntanza de SOGAPAR (Sociedad Galega de Patoloxía Respiratoria) na que se darán cita 50 especialistas en pneumoloxía de toda Galicia para debater e actualizar coñecementos tanto nesta enfermidade como noutras patoloxías respiratorias.

Segundo o presidente do Comité Organizador e responsable da Unidade de Tuberculose (UTB) da Área de Vigo, Rafael Vázquez Gallardo "o programa a desenvolver é de gran interese xa que abordaremos as últimas novidades no manexo desta infección, nos tratamentos e nos avances tecnolóxicos, como a nova técnica de secuenciación masiva do xenoma do virus. Este procedemento, que permite obter uns resultados nun tempo récord, ten especial importancia desde o punto de vista epidemiolóxico, xa que nos permite caracterizar a cepa así como valorar as resistencias aos fármacos".



### Descenso dos casos en Vigo

Galicia é unha zona na que a tuberculose ten unha especial prevalenza; sen embargo, desde a implantación do Plan Galego de Prevención e Control da Tuberculose da Consellería de



Sanidade vense experimentado un descenso moi significativo da incidencia desta enfermidade.

En concreto, na área de Vigo, desde o ano 2015 produciuse un descenso dun 6,7 por cento anual no índice de casos detectados. Así, o pasado ano rexistráronse 14 casos por cada 100.000 habitantes (menos de 100 pacientes anuais), a cifra máis baixa da última década.

### **Control da enfermidade**

A UTB de Vigo, que se sitúa en dependencias do Hospital Nicolás Peña, desempeña unha función asistencial adicada á consulta monográfica de infección por microbacterias tuberculosas e doutros tipos, tanto no referido ao diagnóstico e tratamento como ao control dos enfermos.

Ademais, realiza un importante labor no eido da prevención desta enfermidade mediante os controis puntuais nos que se estudan a colectivos con sospeita de contaxio. Para isto, o equipo de profesionais sanitarios da Unidade achégase a realizar as probas necesarias a diversas institucións e centros de traballo, principalmente colexios, institutos, fábricas e talleres, dos que teñen indicios de que exista algún caso, ben por notificación dos propios médicos de Atención Primaria (xa que a tuberculose é unha enfermidade de declaración obrigatoria nominal) ou por comunicación do propio centro.

Por outra banda, outra das funcións máis importantes que realiza a UTB é a investigación, derivada da súa vertente epidemiolóxica, que estuda o estado da tuberculose na zona. Ademais, a Unidade tamén é a encargada dos tratamentos supervisados a pacientes con risco de abandono, ben na propia unidade ou coordinando as actuacións en Atención Primaria.

Os obxectivos principais do Programa Galego de Prevención e Control da Tuberculose son o diagnóstico e rexistro de todos os casos, acadar que os pacientes tomen a medicación durante todo o tempo que dure o tratamento e baixo as condicións que determine o médico, así como o control dos contactos daqueles pacientes que padecen a enfermidade.

Esta Unidade de Tuberculose conta coa máxima certificación nacional outorgada pola Sociedad Española de Neumología y Cirugía Torácica (SEPAR), que a acredita como "Unidade Especializada de Tuberculose de Alta Complexidade con criterio de Excelencia".